

Revista Municipal Concello de Piñor

Destacados:

- Sendeiro Ecolóxico da Fervenza do Peilán.
- Mellora das estradas de :
 - A Torre
 - A Seca
 - Rúas do pobo de Grovas
 - Rúas do pobo de A Pallota
 - Estrada de acceso a Sextos

*O Alcalde,
a Corporación Municipal e
os traballadores do concello
de Piñor desexamos a todos
os veciños un Bo Nadal e
Feliz 2018*



Sumario:

Recuperación da fonte -lavadoiro de Barrán e	2
Sendeiro Ecolóxico na Fervenza do Peilán	3
Servizos Sociais	4
Mellora das Estradas Municipais	5
Recollida Selectiva do Lixo	6
Novo tractor municipal	7
Piñor Concilia . Programa actividades Nadal	8

PIÑOR CONCILIA. Programa de actividades de Nadal (máis inf. páx 8)

PIÑOR CONCILIA NADAL 2017-18

XOGANADAL:
do 26.12.2017 ó 05.01.2018
De luns a venres de 10:30 h a 13 h no Centro Social (Inscripción ata o 21 de decembro). Idade mínima 5 anos.

PAZOLANDIA:
3 DE XANEIRO DE 2018
Saída as 10 h. Chegada ás 14:45 h (Previa inscrición)

XI Rallye Slot "Concello de Piñor"
PREZOS:
- Empadroados: 3€
- Non empadroados: 5€
Venres 5 de xaneiro, ás 15 h
Centro Social de Piñor (Albarona)

PazoLandia
MÉRCORES 3 DE XANEIRO DE 2018
- Empadroados: 5€
- Non empadroados: 7€
O prezo inclúe: entrada a PazoLandia e desprazamento.
- Saída ás 10h.
- Chegada ás 14:45h.
- Lugar: Concello.
PRAZO ATA O 29 DE DECEMBRO

Concello de PIÑOR | CP. 32137 Piñor (Ourense) | Tel. 988 403236 - 17 | Fax 988 403320 | info@piñor.es | www.piñor.es

Plan de Rehabilitación do Patrimonio Etnográfico

A posta en valor dos elementos singulares dos nosos pobos, fontes, lavadoiros, fornos,... son un obxectivo prioritario do Concello de Piñor, por elo no ano 2015 iniciouse un Plan de Rehabilitación do Patrimonio Etnográfico Municipal coa finalidade de recuperar, mellorar, reconstruir e levar a cabo labores de mantemento deste patrimonio que se atopaba moi deteriorado. Na senda do traballo iniciado en 2015, ben coa brigada municipal ou a través de financiamento da Deputación de Ourense, temos rehabilitado varias fontes e lavadoiros nos pobos do concello e continuaremos con esta tarefa.

Fonte e Lavadoiro de Barrán



Na fonte realizáronse traballos de lavado, limpeza e rexuntado dos ocos para eliminar as perdas existentes.

No lavadoiro tirouse coa cuberta de madeira e uralita, fíxose un lavado de toda a superficie e encintado das xuntas e muro de pedra; pegouse pedra do país no muro existente e fíxose unha cuberta nova con tella curva así como o pintado das columnas.

As obras foron realizadas pola brigada do concello.

Fonte-Lavadoiro de A Torre

No lugar de a Torre, realizáronse traballos de mantemento e posta en valor da fonte-lavadoiro do pobo que se atopaba nun estado de abandono lamentable.

Levouse a cabo en primeiro lugar un lavado a presión da totalidade, substituíuse a cuberta de uralita por unha nova con tella cerámica curva, formigonáronse as columnas e pintáronse de cor ocre, de acordo coa contorna. Realizáronse traballos de encintado e rexuntado dos ocos existentes.

As obras foron executadas pola brigada municipal.



Sendeiro Ecolóxico na Fervenza do Peilán

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio realizou as obras de execución dun sendeiro ecolóxico na Fervenza do Peilán que foron rematadas na primavera e supuxeron un investimento de 55.000 € financiados íntegramente pola Xunta de Galicia.



O sendeiro discorre pola marxe dereita do río Arenteiro, comezando o seu percorrido na antiga fábrica de papel, e ten unha lonxitude de 400 metros. As actuacións consisten no desbroce e mellora do sendeiro, no acondicionamento da senda con pedra de mampostería e recolocación de pedras xa existentes, na colocación de preto de 300 metros de varandas de madeira e 62 metros de pasarela, tamén de madeira, e na instalación de seis bancos e dúas mesas, así como varios paneis informativos.

O Arenteiro é un río moi importante dentro da provincia de Ourense, que conta con numerosas rutas a pé para gozar do seu contorno, unha gran tradición de pesca deportiva, e un notable patrimonio cultural como, por exemplo, os seus muíños de auga.

Hoxe Piñor ten un sendeiro no que se puxo en valor o patrimonio natural e a riqueza medioambiental do noso concello ao tempo que se habilita a zona para o goce dos veciños e visitantes que cando o río vai cheo en épocas de choiva ten unha beleza admirable xa que a fervenza espalla gran cantidade de auga a unha altura significativa.



Servizo de Atención á Dependencia

Dende o mes de xuño de 2016, os servizos sociais do Concello de Piñor, contan cun reforzo no número de horas asignadas.

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social incrementou o número de horas para atención á dependencia en 2.736 horas/ano, que sumadas ás 70 horas que incrementou en setembro do 2015, ascenden a **un incremento de 2.806 horas/ano, que en cómputo mensual son 234 horas/mes máis que o Concello de Piñor presta ós seus usuarios dende fai máis de un ano.**

Con este incremento, os servizos sociais do Concello de Piñor recibiron un pulo importante que permite dar servizo a máis usuarios e/ou máis horas a aqueles dependentes que máis o precisan, **coa finalidade de ofrecer un servizo de calidade e facilitando a permanencia no fogar, no seu entorno habitual e potenciando a autonomía persoal.**

Programa de Educación Familiar

Trátase dun programa de intervención con familias que teñen menores a cargo, nas cales a situación social, laboral e/ou persoal promoven a presenza de dificultades económicas, educativas, etc.

A prioridade é traballar polo benestar dos menores, verificando que as súas necesidades estén cubertas, previndo as negligencias educativas... pero tamén se ofrecen pautas educativas e asesoramento. Así mesmo, tamén se traballan outras problemáticas como a violencia de xénero.

Actualmente, este programa actúa con 9 familias no concello, ascendendo aun total de 32 persoas beneficiarias.

Servizo de Atención Psicolóxica e Atención Temperá

Consiste nun servizo de atención xeral non sanitario, que ofrece asesoramento psicolóxico e intervención psicoeducativa.

Está destinado a cativos que teñen problemáticas condutuais, TDAH... e tamén adultos con asesoramento e apoio xeral; derivando a outros servizos se é preciso.

Require cita previa. Actualmente estase traballando con 9 usuarios.

!!!! Infórmate nos servizos sociais do concello !!!!

Mellora das Estradas Municipais.

O Concello de Piñor continúa co proceso de renovación, mellora e posta en valor das estradas e camiños municipais iniciado no ano 2015. Algunhas das que se acondicionaron este ano son:

- ◆ Estrada de A Torre
- ◆ Estrada de acceso ó pobo de a Seca
- ◆ As rúas do pobo de Grovas
- ◆ As rúas do pobo de A Pallota
- ◆ Estrada de acceso a Sextos



A situación actual destas estradas e rúas interiores dos pobos atopábase moi deteriorado pola circulación rodada diaria, as elevacións no pavimento causadas polas raíces agravados por non ter realizado labores de mantemento do firme ó longo de moitos anos.

As actuacións que se levaron a cabo consistiron todas elas de limpeza previa, demolición de pavimento naqueles lugares onde sexa necesario, bacheo e dobre rega asfáltica.









Estas obras están **financiadas pola Deputación Provincial de Ourense**, dentro do seu Plan Provincial de Obras para os concellos e ascenden a un importe total de **55.000 € (IVE incluído)**.

Para o concello de Piñor melloras como éstas son fundamentais, pois contribúen a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e o seu benestar posibilitando un mellor acceso ós seus pobos cuns accesos de boa calidade, de xeito que contribúan ó mantemento da poboación no rural.

Recollida Selectiva do Lixo.

O Concello de Piñor dispón de un sistema de recollida do lixo selectiva polo que cada residuo débese botar no colector que corresponde. Ademais para grandes electrodomésticos, residuos voluminosos, plásticos agrícolas, etc.. temos un servizo de punto limpo con recollida porta a porta. Queremos recordar esta información para que todos depositemos o lixo correctamente.

GRAZAS POLA TUA COLABORACION!!!!!!!!!!!!

	<p>COLECTOR AMARELO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Envases metálicos: botes de bebida, latas de conservas, aerosois, pratos e bandexas de aluminio, briks (leite,zumes, viño, ...) - Envases de plástico para a alimentación: botellas, envases de produtos lácteos, bandexas e caixas de "corcho branco", oveiras de plástico,tapas de plástico, prato, vasos, - Envases de plástico para produtos de aseo e de limpeza
	<p>COMPOSTEIRO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Restos de cociña, de pan, carne, carne, mondas de patacas, restos de froita e verduras, cascas de ovos,... - Pousos do café, té e infusións, papel alimentario,... - Flores e restos de plantas, restos de podas de árbores e arbustos triturados, cinzas e serraduras - Restos da horta, herba do xardín, follas e maleza, palla e toxos.
	<p>COLECTOR AZUL:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xornais e revistas, propaganda - Caixas de cartón, envases de cartón de ovos - Bolsas de papel - Follas soltas e sobres
	<p>COLECTOR VERDE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Restos de comida - Cueiros, cartóns sucios, luvas, - Xoguetes rotos,...
	<p>IGLU VERDE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Botellas - Frascos - Tarros de vidro
	<p>COLECTOR DE ROUPA (Atópase situado ao lado do concello):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Roupas - Calzado - Têxtil de fogar
<p>PUNTO LIMPO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grandes electrodomésticos: lavadoras, secadoras, lavalouzas, neveiras, conxeladores. - Aparellos electrónicos, ferramentas, lámpadas e luminarias sen lámpada - Voluminosos: colchóns, mobles, pezas de cerámica, somieres... - Plásticos agrícolas <p>Servizo de recollida porta a porta. Avisa no concello e pasamos a recollelo!!!</p>	

Novo tractor municipal

O CONCELLO DE PIÑOR DISPÓN DE UN NOVO TRACTOR E DOUS APEIROS DESBROZADORAS PARA A LIMPEZA DAS INFRAESTRUTURAS E CAMIÑOS MUNICIPAIS



O Alcalde de Piñor e a Conselleira de Medio Rural asinaron un convenio coa finalidade de fomentar as infraestruturas rurais libres de maleza así como a limpeza dos camiños principais e secundarios, que permitiu a adquisición de esta maquinaria por valor de 96.245,82€.

O Alcalde de Piñor José Luis González, recepcionou o pasado mes de novembro o novo tractor e dous apeiros desbrozadora, un de arrastre e outra de brazo.

A empresa adxudicataria, que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa, fixo entrega ao Alcalde de Piñor da maquinaria que foi adquirida polo concello froito de un convenio entre o Concello de Piñor e a **Consellería de Medio Rural que financiou a adquisición de este novo vehículo. O importe total é de 96.245,82 IVE incluído, dos cales a Consellería aportou a cantidade íntegra do custe e o concello só tivo que aportar a 16.703,82 €, cantidade correspondente ao IVE.**

Este novo vehículo pasa a formar parte do parque móbil do Concello de Piñor e reforzará os traballos de desbroce que o Concello realiza todos os anos e que se intensifican durante a primavera e o verán limpando todos os pobos do concello, as estradas de titularidade municipal e camiños, para facilitar o acceso aos mesmos e como medida preventiva dos lumes. O novo tractor reforzará e facilitará o traballo da limpeza viaria e de camiños municipais que repercutirán nunha mellora da calidade de vida dos veciños de Piñor.



Piñor Concilia

Conscientes da importancia da conciliación da vida familiar e laboral, o concello de Piñor conta con un programa específico de actividades **PIÑOR CONCILIA**, que comprende diferentes actividades en época escolar e durante as vacacións dos cativos.

- ◆ **Familias Tardías**, programa de reforzo escolar, técnicas de estudo e atención de necesidades educativas específicas. (De lúns a venres de 17:30 a 20:00 no Centro Social)
- ◆ **Xoganadal**, actividades lúdico-educativas destinadas a cativos de 5 anos en adiante, (Do 26 de decembro ata o 5 de xaneiro; de 10:30 h a 13 h no Centro Social)
- ◆ **Visita a Pazolandia** o mércores 3 de xaneiro de 2018.
- ◆ **XI Rallye Slot**, venres 5 de xaneiro de 2018.



PIÑOR CONCILIA **NADAL 2017-18**

XOGANADAL:
do 26.12.2017 ó 05.01.2018
De lúns a venres de 10:30 h a 13 h no Centro Social
(Inscripción ata o 21 de decembro). Idade mínima 5 anos.

PAZOLANDIA:
3 DE XANEIRO DE 2018
Saída as 10 h. Chegada ás 14:45 h (Previa inscrición)

Taller de cocella TALLERES LÚDICOS E VARIADOS Pazolandia

Concello de PIÑOR UNIÓN EUROPEA FONDOS SOCIAIS EUROPEOS XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL Dirección Xeral de Inclusión Social galicia MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO CARBALLIDO Programa de Educación Familiar



Concello de PIÑOR PIÑOR CONCILIA

Pazolandia

MÉRCORES 3 DE XANEIRO DE 2018

- Empadroados: 5€
- Non empadroados: 7€

O prezo inclúe: entrada a Pazolandia e desprazamento.

- Saída ás 10h.
- Chegada ás 14:45h.
- Lugar: Concello.

PRAZO ATA O 29 DE DECEMBRO

Piñor s/n CP. 32137 Piñor (Ourense) | Tlf. 988 403236 - 17
Fax 988 403320 | info@pinor.es | www.pinor.es Colabora: DEPUTACIÓN OURENSE



XI Rallye Slot "Concello de Piñor"

PREZOS:
• Empadroados: 3€
• Non empadroados: 5€

Venres 5 de xaneiro,
ás 15 h
Centro Social de Piñor
(Albarona)

MANGALLO CLASSIC

PRAZO DE INSCRICIÓN: ata o 3/01/2018
(988 403 236 / concellopinor@gmail.com / Facebook)

Colabora: DEPUTACIÓN OURENSE

¡¡¡¡Infórmate no concello!!!!